




BMMC

BANDA MUNICIPAL DE A CORUÑA

DOMINGO, 28 DE NOVIEMBRE

TEATRO COLÓN - 12:30 H.

***DIRECTOR CONVIDADO:
JAVIER VICIERO***



VARIACIONES DE FANTASÍA

- *Gloriosa*Ito Yasuhide

I.Oratio

II.Cantus

III.Dies festus

- *Dance movements*.....Philip Sparke

I.Ritmico

II.Molto vivo (for the woodwinds)

III. Lento (for the brass)

IV. Molto ritmico

- *Fantasy variations, on a theme by Niccolò Paganini*.....James Barnes



VINDEIRO CONCERTO:

DOMINGO, 5 DE DICIEMBRE
TEATRO COLÓN – 12:30 H.

DIRECTOR CONVIDADO:
Fernando Marinho

NOTAS AO PROGRAMA

Gloriosa

Ito Yasuhide

Esta obra foi encargada en 1989 pola *Sasebo Band of the Maritime Self-Defense Force of Kyushu*, do Sur de Xapón, e estreada por esta mesma agrupación no ano seguinte. Ito Yasuhide (n. 1960) inspirouse nas cancións dos *Kakure-Kirishitan* (criptocristiáns) de Kyushu, que continuaron practicando a súa fe despois da prohibición do cristianismo, que tiña sido introducido nesa rexión do sur do Xapón a mediados do século XVI polo misioneiro católico Francisco Xavier. O primeiro movemento, *Oratio*, que da comezo con frases de himnos nas campás, evoca as ferventes oracións e sufrimentos destes cristiáns, e consiste en 11 variacións do tema “*Gloriosa*”. No segundo movemento, *Cantus*, obsérvase con claridade a mestura de elementos do canto gregoriano coa música tradicional xaponesa. Por último, *Dies Festus*, retoma as temáticas do primeiro movemento, ademais de presentarnos o seu tema propio, baseado na transformación da melodía popular *Nagasaki Bura-bura Bushi*.

Dance movements

Philip Sparke

Escrita en 1996 polo británico Philip Sparke (n.1951), atópase estruturada en catro movementos que se interpretan sen interrupción. Todos eles están inspirados en ritmos de danzas, aínda que non se observa ningunha danza de maneira específica. O primeiro dos seus movementos, *Ritmico*, presenta un aire latinoamericano a través das súas estruturas rítmicas e melódicas, e o seu emprego de algúns instrumentos de percusión, como o xilófono, a cabasa, a pandeireta ou a caixa chinesa. O segundo movemento, *Molto vivo*, escrito exclusivamente para os instrumentos de madeira e percusión, usa como base unha canción popular procedente do entorno rural británico. Na terceira parte desta obra, *Lento*, dedicada exclusivamente aos metais e á percusión, Sparke tenta ilustrar a atmosfera do *ballet* clásico dende a súa visión inglesa. Por último, *Molto ritmico*, o movemento mais longo de todos, pretende lembrarnos a grande influencia que Leonard Bernstein, e en particular o seu musical *West Side Story*, exerceu sobre toda a composición sinfónica do século XX.

Fantasy variations, on a theme by Niccòlo Paganini

James Barnes

Da mesma maneira que moitos outros compositores do repertorio sinfónico universal, James Barnes (n. 1949) tomou a liña melódica do Capricho nº 24 para violín solo de Niccòlo Paganini, como base para terminar escribindo a que é unha das pezas mais representativas do repertorio específico para banda sinfónica da segunda metade do século XX. Tras unha primeira audición desta temática de esencia violinística, Barnes desenvolve grande número de variacións coas que consegue mostrar as diversas familias instrumentais do orgánico bandístico, e algunhas das súas características específicas. A personalidade de cada unha das 20 variacións do tema, permítenos distribuílas dentro dunha forma tripartita, de maneira que a sección central da peza agrupa o conxunto de variacións de carácter más lento, lírico e introvertido.

PRÉGASE O USO DE MASCARILLA NO ACCESO E DURANTE O CONCERTO.
MANTEÑA A DISTANCIA DE SEGURIDADE.

ACCESO LIBRE ATA COMPLETAR AFORO: LIMITADO (entrada de balde)

